

A COMPUTACIÓN EN NUBE, TECNOLOXÍA PUNTEIRA

REZA MALEKZADEH
EXPLICOU EN SANTIAGO
AS VANTAXES DOS
SERVIZOS EN LIÑA DE
NOVA XERACIÓN

Henrique Nebra - Santiago

A expresión "computación en nube", que vén do inglés "Cloud Computing" é un concepto que serve para referirse ó conxunto de servizos de que hoxe en día podemos acceder a través de internet, como por exemplo contratar espazo en servidores de distintas empresas para almacenar todo tipo de datos ou para traballar en liña desde calquera lugar, sen necesidade de ter instaladas as aplicacións que empregaremos no noso computador.

É un concepto do que cada vez se fala máis e que protagoniza o informe *Cloud Computing: La tercera ola de las Tecnologías de la Información*, última publicación do *Future Trends Forum*, foro de expertos internacionais da Fundación da Innovación Bankinter.

Trátase dun fenómeno de grande interese para moitas compañías pola importancia cada vez maior das novas tecnoloxías no eido empresarial, e por esa razón a súa presentación en terras galegas tivo lugar onte na sede compostelá da Fundación Empresa Universidade Galega (Feuga), cunha conferencia a cargo de Reza Malekzadeh, vicepresidente de mercadotecnia de Nimhula, unha firma especializada en software para a computación en nube.



Reza Malekzadeh, vicepresidente de mercadotecnia de Nimhula, esquerda, Javier Porcino, director xeral de Feuga e Juan Rojas, director xeral da Fundación da Innovación Bankinter, nun momento da conferencia que se viu para a presentación do informe sobre a computación en nube na capital galega. ■ FOTO: FEUGA

Malekzadeh explicou como está a evolucionar o concepto de computación en nube ata o punto de que xa se fala de nube pública, nube privada e nube híbrida, para referirse a servizos de computación que se alugan a todo tipo de clientes (a pública), que son exclusivos dunha corporación ou administración (a privada) ou que comparten características dunha e doutra, por exemplo que se aluguen os servizos pero que as empresas clientes poidan configuralos e controlalos, de tal xeito que se asemelle moito a situación á dunha nube ou rede pri-

zada. Tal como explicou o experto, os diferentes modelos están a convivir, e para as empresas que operan ofrecendo servizos na nube, resulta "fundamental comprender as necesidades dos clientes".

O directivo de Nimhula sinalou que a nube pública non é recomendable para aplicacións críticas coma as financeiras ou as sanitarias, pois pode suceder que os propietarios da infraestrutura non garantan a plena dispoñibilidade de datos en todo momento, o que é esencial tanto no mundo das finanzas coma no da saúde.

Porá contra, a nube pública achega vantaxes importantes coma a escalabilidade e a axilidade, de tal xeito que unha firma que puntualmente necesite un aumento da súa capacidade de computación ou de almacenamento de datos se podería beneficiar de alugar os servizos das empresas especializadas na nube.

Isto pode resultar moi útil nunha situación económica coma a que estamos a vivir, na que as empresas acabadas de fundar ou que necesitan capacidade de computación adicional poden estar menos dispostas a investir en hardware. ■